

PROCEDEMENTO E ACLARACIÓNS DO PAGAMENTO DE TAXAS

PROBA DE CLASIFICACIÓN

Pode efectuar o pagamento das taxas de 2 xeitos diferentes:

1. PRESENCIAL

- Pode retirar o impreso “E” de liquidación de taxas na **Conserxería da EOI Monforte** pagar presencialmente na entidade bancaria.

Encha os espazos destinados ós seus datos persoais cos seguintes códigos:

- ✓ **Consellería:** Cultura, Educación e Universidade **07**
- ✓ **Delegación:** Lugo **20**
- ✓ **Servizo:** Ensino Medio **03**
- ✓ **Taxa:** Escolas Oficiais de Idiomas: **350800**


- Marque o importe de matrícula que lle corresponde aboar dependendo do tipo de alumnado. Teña en conta que debe marcar correctamente este importe porque non se pode solicitar ningunha devolución de taxas debido a un erro do propio alumno/a.

2. Por INTERNET (só con tarxeta)

- Acceda á [Oficina Virtual Tributaria da Consellería de Facenda](#) . Indique os seus datos persoais e os códigos de tramitación e dea a orde de pagamento. Comprobe ben o importe que debe aboar, pois non existe a posibilidade de devolución de taxas.
- **Importe da proba de clasificación: 17€**

- ✓ **Consellería:** Cultura, Educación e Universidade **07**
- ✓ **Delegación:** Lugo **20**
- ✓ **Servizo:** Ensino Medio **03**
- ✓ **Taxa:** Escolas Oficiais de Idiomas: **350800**

- A aplicación xerarlle un xustificante de pagamento **modelo 730 ou 731**, que deberá entregar na secretaría da escola xunto co resto da documentación de matrícula.



- No caso de que deba retomar a operación, a aplicación xerarlle un código de verificación CSV que envía ó seu correo-e. Debe acceder de novo á Oficina virtual tributaria → Servizos de acceso libre → Taxas, prezos, multas e sancións → Operacións realizada.

